

Novos cultivos en Lérez (XX): O aguacate

Xosé Álvarez Castro



O aguacate ou palta, de nome científico *Persea americana*, é unha árbore de orixe centroamericana que, aínda que se leva cultivando na nosa zona anos, aparece nos últimos tempos como centro de atención de cara ao establecemento de novas plantacións. A pesar da súa orixe tropical adáptase ben á nosa zona sempre que as xeadas non sexan fortes e tomando a precaución de protexer as plantas cando son novas cunha tea anti-xeo. O froito é unha baia comestible que ten formas variadas sendo as máis comúns as ovaladas ou en forma de pera; teñen a casca de cor verde ou púrpura dependendo da variedade. A polpa é de cor amarela, de consistencia graxa e untuosa e cunha semente grande no interior.

Non lle acaen os terreos moi húmidos ou que teñan mala drenaxe pois son árbores moi afectadas por enfermidades das raíces producidas por fungos. O seu valor alimenticio caracterízase polo alto contido en aceites vexetais, vitaminas e minerais como magnesio e potasio. Escurece rapidamente cando o cortamos debido á oxidación polo que é

conveniente engadirle unhas gotas de zume de limón para evitalo. Para que maduren poden xuntarse nunha bolsa de plástico cunhas mazás ou plátanos.

As súas flores son hermafroditas, ou sexa que conteñen elementos masculinos e femininos, pero teñen unha particularidade que debemos ter en conta á hora de establecer unha plantación: hai variedades de aguacate, como a Hass, de tipo A e que se caracterizan porque a parte feminina abre pola mañá e a masculina á tarde do día seguinte; as de tipo B, como a Bacon, abren de xeito contrario. Este tipo de apertura e peche cíclico ao longo do día das partes femininas e masculinas coñécese co nome de dicogamia e impide ou dificulta a autofecundación. Isto fai que para asegurarse unha boa produción sexa recomendable plantar variedades dos dous tipos; aínda así, hai períodos de tempo en que se solapa a apertura e tamén pole que perdura nos insectos polinizadores, polo que poden autofecundarse. Produce unha floración moi abundante aínda que o callado de froitos dáse en moita menor proporción.

Para plantar un aguacate pode utilizarse unha semente, que se pode poñer antes a xerminar sostida cuns escarvantes nun vaso ou recipiente con auga e logo transplantala á terra; nós obviamos este paso sementando directamente con resultados igual de favorables. Ao plantalo de semente tarda varios anos en dar froito e non se asegura a variedade polo que é máis práctico enxertar a caste que queiramos neses patróns; o enxerto acostuma facerse no mes de maio ou xuño e coas técnicas máis correntes. Non é un enxerto fácil.

Unha receita típica con aguacate é a coñecida salsa chamada guacamole que pode facerse do seguinte xeito: mesturamos media cebola, dous tomates maduros e un aguacate todo moi ben picado; engadimos sal, o zume de medio limón, vinagre e dúas culleradas de aceite. Batemos para homoxeneizar a mestura e xa está lista. Hai quen prefire pasar todo polo batedor.